

# GUÍA DOS DEREITOS DE AUTOR DA AULA DO DIREITO DE AUTOR



AULA DO DIREITO DE AUTOR



© Kopioisto ry 2017

Texto: Kopioisto ry. Na súa versión para España os materiais foron adaptados por CEDRO.

Ilustración e deseño gráfico: Tarja Petrell / J&Co Digital Oy.

# CONTIDOS

<b>¡BIENVENIDO AL AULA DEL DERECHO DE AUTOR!</b>	<b>6</b>	<b>USO DE LAS OBRAS</b>	<b>23</b>
		<i>Puede utilizarse:</i>	23
<b>CONCEPTOS BÁSICOS DE LOS DERECHOS DE AUTOR</b>	<b>8</b>	<b>Citas</b>	<b>24</b>
¿Qué son los derechos de autor?	8	<i>Resumen de las citas:</i>	24
Protección de los derechos de autor	8	<b>Utilización de conocimientos o ideas</b>	<b>24</b>
Reconocimiento de los derechos de autor	9	<b>Uso privado</b>	<b>25</b>
<i>Símbolo de copyright ©</i>	10	<b>USO DE OBRAS EN LA ENSEÑANZA</b>	<b>26</b>
<i>Obra en colaboración</i>	10	<b>Utilización de de obras en la enseñanza</b>	<b>26</b>
<i>Obra colectiva</i>	11	<b>Licencia d para centros de enseñanza reglada de CEDRO</b>	<b>28</b>
<b>Umbral de originalidad</b>	<b>11</b>	<i>Licencia de derechos de autor para centros de enseñanza</i>	29
<b>¿QUÉ SIGNIFICAN LOS DERECHOS DE AUTOR PARA EL AUTOR?</b>	<b>12</b>	<b>Uso de programas de televisión, vídeos y películas en la enseñanza</b>	<b>31</b>
Derechos patrimoniales y morales	13	<i>Programas de televisión</i>	31
Adaptaciones y traducciones	14	<i>Películas</i>	31
Cesión de los derechos de autor	14	<i>Videos en línea</i>	32
Vigencia de la protección de los derechos de autor	15	<b>Uso de la música en la enseñanza</b>	<b>32</b>
<b>DERECHOS CONEXOS</b>	<b>15</b>	<i>Reproducir música</i>	32
Protección de fotografías	17	<i>Grabar música</i>	33
<b>VULNERACIÓN DE LOS DERECHOS DE AUTOR</b>	<b>17</b>	<b>Permiso para representar obras de teatro</b>	<b>34</b>
Delito contra la propiedad intelectual	19	<b>Creative Commons u otra licencia abierta</b>	<b>34</b>
Delito agravado contra la propiedad intelectual	19	<b>DERECHOS DE AUTOR DEL PROFESOR</b>	<b>36</b>
<b>HACER Y PUBLICAR FOTOS</b>	<b>20</b>	Derechos del centro de enseñanza sobre el material elaborado por un profesor	37
<b>Fotografiar</b>	<b>20</b>	<b>ENTIDADES QUE GESTIONAN LOS DERECHOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL</b>	<b>39</b>
<i>Fotografiar personas</i>	20	<b>MÁS INFORMACIÓN SOBRE LOS DERECHOS DE AUTOR</b>	<b>41</b>
<i>Fotografiar obras de arte</i>	21		
<b>Publicación de fotos</b>	<b>21</b>		
<i>Protección de la intimidad, el honor y la imagen</i>	22		





## O Centro Español de Dereitos Reprográficos (CEDRO)

CEDRO ([www.cedro.org](http://www.cedro.org)) é a asociación sen ánimo de lucro de autores e editores de libros, revistas, xornais e partituras, editadas en calquera medio e soporte.

Encárgase de defender e xestionar de xeito colectivo os dereitos de propiedade intelectual que se derivan da utilización secundaria (reproducción, distribución, comunicación pública e transformación) destas publicacións.

En 1988 foi autorizado polo Ministerio de Cultura para levar a cabo esta actividade.

A misión de CEDRO é representar e defender os lexítimos intereses de autores e editores de libros e publicacións periódicas, facilitando e promovendo o uso legal das súas obras.

# BENVIDO Á AULA DO DEREITO DE AUTOR!

O obxectivo do material didáctico da Aula do Dereito de Autor é inspirar e estimular profesores e alumnos cara o traballo creativo, respectando os dereitos de autor.

Esta guía proporciona información básica sobre os dereitos de autor e as licenza de dereitos de autor para centros educativos. O material produciuno Kopiostory, un organismo que xestiona os dereitos de autor. O material produciuse nun proxecto, en cuxo grupo directivo participaron a Dirección Xeral de Educación, o



Ministerio de Educación e Cultura e o Sindicato de Educación (OAJ), e adaptouno para España CEDRO. O material foi elaborado por expertos en pedagogía e dereitos de autor.

Pódese atopar máis información sobre os dereitos de autor e as licenzas dos dereitos de autor en

<https://www.auladerechodeautor.org/gl/> y [cedro.org](https://www.cedro.org)



# CONCEPTOS BÁSICOS DOS DEREITOS DE AUTOR

## © Que son os dereitos de autor?

Os dereitos de autor protexen o traballo creativo. As películas, a música, os libros ou os cómics non se crean sen un autor. Os dereitos de autor conceden ao autor o dereito a decidir sobre o seu propio traballo: o resultado do traballo creativo. Os autores reciben os seus ingresos pola venda da súa obra e os dereitos de uso desta. Os dereitos de autor son unha condición necesaria para poder vivir do traballo creativo e que se creen obras novas.

## © Protección dos dereitos de autor

Os dereitos de autor non protexen as ideas, protexen o modo de expresión das ideas: o resultado dun traballo creativo independente e orixinal.

A obra pode ser literaria, científica ou artística. As obras inclúen, por exemplo, libros, artigos de publicacións, composicións musicais, partituras, debuxos, cadros, obras fotográficas, obras de teatro, películas, programas de televisión, programas informáticos, videoxogos, bases de datos, mapas, edificios e obras de belas artes.

Os dereitos de autor non protexen a mera información (datos, datos, acontecementos...), as ideas, os principios ou os métodos contidos nunha obra, senón a orixinal forma ou o modo de expresión desas ideas, informacións, etc. Por exemplo, pode usarse unha obra de arte doutra persoa como fonte de inspiración para pintar un cadro ou escribir un libro que se basee na mesma idea doutro.



Porén, non pode copiarse unha obra doutra persoa. Un texto propio sempre debe escribirse coas túas propias palabras e as fontes de información deben citarse de acordo coas boas prácticas.

*Lei de Propiedade Intelectual Art. 17 e 18*

## © Recoñecemento dos dereitos de autor

Os dereitos de autor recoñécense a todo autor polo simple feito de crear unha obra. Non se esixe para a protección destes dereitos ningún requisito formal. Para que unha obra estea protexida, non se esixe rexistro nin o uso do símbolo ©.

Os dereitos de autor recoñécense en favor da persoa que creou a obra. O autor é sempre unha persoa física. A idade do autor non importa. O traballo dun alumno tamén pode estar protexido se é orixinal. Por exemplo, os debuxos e as redaccións están protexidos independentemente da idade e o curso do neno. Para usar un traballo realizado por un estudante, como a publicación de debuxos ou escritos nunha publicación escolar ou nun sitio web, precísase o permiso do estudante.



No caso dos menores de idade, tamén debe pedirse o consentimento dos titores legais. O profesor tamén pode xerar dereitos de autor polo material didáctico orixinal que elabora.

*Lei de Propiedade Intelectual Art. 10*

## Símbolo de copyright ©



A marca © é un símbolo internacional que se usa nunha obra protexida por dereitos de autor diante do nome do autor ou do titular dos dereitos de autor. Ao usar o símbolo de copyright pode indicarse quen é o propietario dos dereitos de autor dunha obra. Porén, para recibir a protección dos dereitos de autor non se esixe o uso do símbolo ©. A ausencia do símbolo de copyright ou © nunha obra tampouco suprime a protección dos dereitos de autor. Se a obra non contén ese símbolo non quere dicir que non estea protexida. Os dereitos de autor xéranse e a protección comeza ao crear unha obra e non se require rexistro nin ningún outro trámite.

Non existen formas especiais establecidas para o uso do símbolo ©. O máis habitual é que se use na forma de Copyright © nome do autor ou titular dos dereitos e o primeiro ano de publicación. A palabra copyright tamén pode omitirse. Por exemplo, © CEDRO 2017.

## Obra en colaboración

Se dúas ou máis persoas crean xuntas unha obra, orixínase unha obra en colaboración. Os dereitos de autor corresponden a todos os autores participantes. Para o uso dunha obra en colaboración, precísase a autorización de todos os coautores.

*Lei de Propiedade Intelectual Art. 7*

## Obra colectiva

Unha obra colectiva é aquela que foi creada pola iniciativa e baixo a coordinación dunha persoa natural ou xurídica (por exemplo, un editor ou editorial) que a edita e divulga baixo o seu nome e está constituída pola reunión de achegas de diferentes autores cuxa contribución persoal se funde nunha creación única e autónoma, para a que fora concibida sen que sexa posible atribuír separadamente a calquera deles un dereito sobre o conxunto da obra realizada. Salvo pacto en contrario, os dereitos sobre a obra colectiva corresponderán á persoa que a edite e divulgue baixo o seu nome. Por exemplo, para facer fotocopias dunha obra colectiva ou para compartila en Internet, precisarei o permiso do seu editor. Por exemplo, un dicionario ou un xornal poden ser obras colectivas.

*Lei de Propiedade Intelectual artigo 8.*

## © Limiar de orixinalidade

Porén, non todo o que creo está protexido. Para que unha obra estea protexida, esíxese orixinalidade, un traballo creativo. Será orixinal aquela obra que reflecta a personalidade do seu autor, a súa pegada, froito de decisións libres e creativas. A orixinalidade valórase caso por caso. En última instancia, a valoración realízase un tribunal. Non é orixinal se o resultado non é froito de decisións libres e creativas, senón que vén imposto por regras técnicas. A calidade dunha obra non importa, tamén está protexida unha obra pobre cualitativa ou artisticamente. As ideas non se protexen, só se protexen a forma orixinal na que son plasmadas, desenvolvidas, expresadas.

## QUE SIGNIFICAN OS DEREITOS DE AUTOR PARA O AUTOR?


Os dereitos de autor outorgan *ao autor o dereito a decidir* como e onde se usa a obra que creou. Se se desexa utilizar unha obra protexida por dereitos de autor, como norma xeral, precísase o permiso do autor ou do titular dos dereitos de autor. A maioría dos autores de traballos creativos, os artistas, reciben o seu salario dos ingresos dos dereitos de autor.

Venden as súas obras e os dereitos de uso das mesmas. Por exemplo, un escritor vende os dereitos de publicación e tradución a unha editorial de libros, os dereitos de adaptación ao teatro a un dramaturgo e os dereitos cinematográficos a un produtor de cine. Pola súa banda, un ilustrador vende os dereitos para publicar os seus debuxos como ilustracións dun libro a unha editorial, os dereitos para converter os debuxos nunha animación a unha produtora de televisión e os dereitos para utilizar un personaxe de debuxos animados nalgúns produtos a unha imprenta.

Cada parte paga ao artista unha compensación pola forma en que utiliza a obra. Moitos artistas non teñen un salario mensual, senón que o seu sustento consiste nestas distintas remuneracións.

Escribir un libro, debuxar un cómic, crear unha composición musical ou rodar unha película adoita levar meses, incluso anos. Como norma xeral, os artistas non perciben un soldo regular polo traballo creativo, o deseño ou os ensaios. Os ingresos proveñen unicamente da actuación, a venda de exemplares ou o uso dunha obra. Os dereitos de autor permiten que poida vivirse co traballo creativo e se xeren obras novas, como libros, cómics, películas e música.

## © Dereitos patrimoniais e morais



Os dereitos de autor inclúen tanto os dereitos patrimoniais como os morais. Os dereitos patrimoniais exclusivos son a reprodución, distribución, comunicación pública, a posta a disposición do público e a transformación. Os dereitos exclusivos significan que o autor ten dereito a decidir se se fan copias da súa obra, se se distribúen ou se poñen a disposición do público, por exemplo, vendéndoas, prestándoas ou alugándoas ou subíndoas a Internet. O autor pode decidir se a súa obra pode modificarse, traducirse ou presentarse noutro xénero de literatura ou arte ou utilizando outro método. Por exemplo, para traducir, adaptar ao teatro ou rodar unha película dun libro, precísase o permiso do escritor e, para facer arranxos a unha composición, precísase o permiso do compositor.

Os *dereitos morais* do autor implican que debe respectarse ao autor. Ao utilizar unha obra, debe mencionarse o nome do autor e a obra non debe alterarse de xeito ofensivo. A obra tampouco pode pórse a disposición do público nun contexto ofensivo para o autor.

*Lei de Propiedade Intelectual Art. 14*

## © Adaptacións e traducións

A modificación, a tradución e a alteración dunha obra pertencen ao ámbito dos dereitos exclusivos do autor. Para a modificación dunha obra, como editar unha imaxe, traducir un libro ou facer arranxos a unha composición, precísase o permiso do autor orixinal.

A obra que se orixina ao alterar unha obra denomínase obra derivada, cuxos dereitos de autor pertencen ao autor da adaptación, por exemplo, o tradutor, se a adaptación é o suficientemente orixinal.

Se o prazo de protección da obra orixinal venceu, non se precisa permiso para modificar a obra.

A idea da obra doutra persoa pode utilizarse para crear unha obra orixinal diferente e independente. O autor dunha obra derivada, por exemplo, o tradutor dunha obra orixinal, tamén ostenta dereitos.

*Lei de Propiedade Intelectual Art. 11*

## © Cesión dos dereitos de autor

Un autor pode ceder, na súa totalidade ou en parte, os seus dereitos de autor a outra persoa, como un editor, un produtor ou un empresario. O cesionario convértese no titular dos dereitos. Ser

propietario dun exemplar dunha obra, como un libro ou un cadro, non significa que a persoa teña os dereitos de autor da obra.

A cesión debe formalizarse por escrito.

Os dereitos de simple remuneración, como a compensación que reciben os titulares de dereitos pola copia privada das súas obras ou polo préstamo das súas obras en determinadas bibliotecas, non se ceden. Os dereitos morais non poden cederse. Consérvaos o autor orixinal.

*Lei de Propiedade Intelectual Art. 14*

## © Vixencia da protección dos dereitos de autor

Os dereitos de autor están vixentes durante a vida do autor e 70 anos a contar desde o 1 de xaneiro do ano seguinte ao seu falecemento. Nas obras en colaboración, o prazo de protección durará toda a vida dos coautores e setenta anos desde a morte ou declaración de falecemento do último coautor supervivente.

Unha vez vencido o prazo de protección, a obra pode utilizarse libremente.

*Lei de Propiedade Intelectual Art. 26 e 27*

## DEREITOS CONEXOS

A Lei de Propiedade Intelectual tamén protexe determinados dereitos semellantes aos dereitos de autor. A estes denomínaselles dereitos conexos, afíns ou veciños. Os dereitos conexos protexen, por exemplo, as meras fotografías aos produtores de fonogramas ou de gravacións audiovisuais, os editores de determinadas producións editoriais, os artistas intérpretes ou executantes, entre outros. Para copiar e usar as obras ou prestacións destes titulares de dereitos, tamén pode ser necesaria a súa autorización.

Para recibir a protección dos dereitos conexos, non sempre se esixe cumprir o requisito de orixinalidade. Por exemplo, unha obra fotográfica orixinal protexeráse por dereitos de autor, mentres que o que realiza unha mera fotografía que non conteña o suficiente grao de orixinalidade terá un dereito conexo máis limitado. A diferenza máis significativa con respecto á protección dos dereitos de autor é a duración do prazo de protección, que pode variar.

Por exemplo, unha mera fotografía protéxese por vinte e cinco anos desde que foi realizada, a contar desde o 1 de xaneiro do ano seguinte. Porén, as obras fotográficas orixinais protéxense durante toda a vida do autor e 70 anos tras a súa morte, a contar desde o 1 de xaneiro do ano seguinte. Os fabricantes de bases de datos ostentarán un dereito *sui generis* durante 15 anos despois do 1 de xaneiro do ano seguinte na data en que rematara o seu proceso de fabricación. Porén, os autores de bases de datos orixinais ostentarán dereitos de autor durante toda a súa vida e 70 anos tras a súa morte, a contar desde o 1 de xaneiro do ano seguinte. Pola súa banda, o prazo de protección dos dereitos dun produtor fonográfico é de cincuenta anos despois de que se fixera a gravación. Porén, se o fonograma se publica licitamente durante o devandito período, os dereitos expirarán setenta anos despois da data da primeira publicación lícita. Se durante o citado período non se efectúa publicación lícita algunha mais o fonograma se comunica licitamente ao público, os dereitos expirarán setenta anos despois da data da primeira comunicación lícita ao público. Todos os prazos computaranse desde o 1 de xaneiro do ano seguinte ao momento da gravación, publicación ou comunicación ao público.

*Lei de Propiedade Intelectual Art. 119.*



## © Protección de fotografías

As obras fotográficas están protexidas por dereitos de autor. Se se supera o limiar de orixinalidade, a fotografía quedará protexida como obra. Outras fotografías están protexidas coa denominación de meras fotografías cando non superan o limiar de orixinalidade. A superación do nivel de orixinalidade valórase caso por caso. Para superar o limiar de orixinalidade, inflúen, entre outras cousas, as eleccións creativas do fotógrafo, como a composición, a montaxe, o encadramento, o ángulo de visión ou a iluminación da imaxe. Un simple momento histórico ou unha sincronización acertada dunha imaxe non a converte nunha obra fotográfica. Tampouco o lugar onde se publique a imaxe determina se a fotografía está protexida como unha obra fotográfica ou como mera fotografía. Por exemplo, as imaxes de noticias publicadas nunha revista tamén poden ser obras fotográficas.

Se a fotografía está protexida por dereitos de autor como obra fotográfica, o prazo de protección é válido 70 anos desde o final do ano do falecemento do fotógrafo. Se, pola contra, a fotografía está protexida como mera fotografía, o prazo de protección é de 25 anos desde o ano en que se tomou a foto.


*Lei de Propiedade Intelectual Art. 128.*

## VULNERACIÓN DOS DEREITOS DE AUTOR

O uso non autorizado dunha obra protexida por dereitos de autor constitúe unha vulneración dos dereitos de autor. A infracción dos dereitos de autor pode implicar sancións penais e legais de danos e perdas.

En caso dun uso non autorizado, o usuario pode ser condenado ao pagamento dunha indemnización. Esta obriga non depende de se é usuario era consciente do uso non autorizado. Polo tanto, un usu-

ario de boa fe tamén pode verse obrigado a aboar unha compen-



sación se non dispuña da autorización correspondente para o uso. A indemnización por danos e perdas debida ao titular do dereito infrinxido comprenderá non só o valor da perda que sufrira, senón tamén o da ganancia que deixase de obter a causa da violación do seu dereito.

Ademais da compensación, pode esixirse ao usuario que aboe unha indemnización por danos e perdas ao autor por outras perdas, sufrimentos e outros inconvenientes, como danos morais. O importe da indemnización por danos e perdas valórase individualmente en cada caso. Como premisa está o principio de reparación integral, ou sexa, debe indemnizarse o autor por todos os prexuízos causados. O titular de dereitos pode solicitar como indemnización a cantidade que como remuneración percibira, se o infractor pedira autorización ou licenza. Ademais da compensación e a indemnización por danos e perdas, a infracción dos dereitos de autor pode implicar responsabilidade penal, ou sexa, unha pena. Aínda que os menores de 14 anos en España non teñen responsabilidade patrimonial, os seus pais poden ser obrigados a compensar economicamente polos seus danos. A vulneración dos dereitos de autor pode castigarse como delito contra a propiedade intelectual.

*Artigos 270 e 271 do código penal.*

## © Delito contra a propiedade intelectual

Pode cometer un delito contra a propiedade intelectual quen, con ánimo de obter un beneficio económico copie, plaxie, distribúa,

comunique publicamente ou explote economicamente de calquera outro modo, en todo ou en parte, unha obra protexida sen autorización. A importación ou exportación de produtos pirateados tamén pode constituír un delito contra a propiedade intelectual.

Estes delitos poden implicar penas de prisión e/ou multas.

*Código penal artigo 270.*

## © Delito agravado contra a propiedade intelectual

Os delitos contra a propiedade intelectual son máis graves cando concorren determinadas circunstancias.

Serán máis graves cando o beneficio obtido posúa especial transcendencia económica, os feitos revistan especial gravidade, cando o culpable pertenza a unha organización ou asociación, incluso de carácter transitorio, que tivese como finalidade a realización de actividades infractoras de dereitos de propiedade intelectual ou cando se utilice a menores de 18 anos para cometer estes delitos.

Nestes casos poderá imporse pena de prisión de dous a seis anos, multa de dezaioito a trinta e seis meses e inhabilitación especial para o exercicio da profesión relacionada co delito cometido, por un período de dous a cinco anos.

*Código Penal Art. 271.*

# FACER E PUBLICAR FOTOS

Facer fotos e publicalas implica regras e boas prácticas relacionadas cos dereitos de autor, a intimidade, a honra e a propia imaxe.

## © Fotografar

Como norma xeral, nun lugar accesible ao público, sempre está permitido facer fotos, a menos que se prohibira por algún motivo, por exemplo, por seguridade. Son lugares accesibles ao público as rúas, parques, avenidas... En espazos privados, como a casa de alguén, non poden facerse fotos sen permiso. Non en todos os lugares accesibles ao público está permitido facer fotos. Nos lugares públicos, tamén poden fotografarse persoas. Unha persoa tamén pode negarse a que lle fagan fotos.

Os edificios poden fotografarse libremente porque as obras que se atopen permanentemente na vía pública poden ser reproducidas mediante fotografía, vídeo ou debuxo. Porén, o propietario ou arrendatario do edificio pode prohibir facer fotos do interior do edificio, por exemplo, para protexer a súa privacidade. O propietario ou arrendatario dun museo pode, por exemplo, prohibir que se fagan fotos no museo.

Aínda que estea permitido facer fotos nun lugar público, non deben ocasionarse molestias.

## Fotografar persoas

Para facer unha foto a unha persoa normalmente precísase o seu consentimento. Tamén para publicar esa foto, por exemplo, en redes sociais ou Internet, precisas o seu permiso. A publicación de imaxes está restrinxida por moitas leis. Por exemplo, a publicación non debe vulnerar a honra ou a intimidade de ninguén nin infrinxir a Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil

do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar é propia imaxe ou as normas de protección de datos.

### Fotografar obras de arte

Fotografar unha obra de arte, por exemplo, para unha postal, unha ilustración dun folleto, unha portada dun libro ou para colgala nun sitio web, é reproducir unha obra de arte e, para isto, precísase o permiso do autor da obra de arte. Unha obra de arte (estatua, pintura, etc.) situada de forma permanente nunha vía pública, por exemplo, un parque, unha rúa ou outra vía pública, pode fotografarse libremente. Estas fotografías realizadas por ti tamén poderán ser distribuídas ou compartidas en Internet.

Calquera obra susceptible de ser vista ou oída con ocasión de informacións sobre acontecementos da actualidade, por exemplo, un cadro con motivo dunha poxa ou a inauguración dunha exposición, pode ser reproducida, distribuída e comunicada publicamente, aínda que só na medida que o xustifique a devandita finalidade informativa.

*Lei de Propiedade Intelectual Art. 35.*

### © Publicación de fotos

Hai que lembrar que tomar unha fotografía é algo distinto a publicala.


Para publicar unha imaxe, como norma xeral, convén pedir permiso á persoa ou persoas da imaxe se poden identificarse nela. A publicación dunha imaxe non debe vulnerar a honra ou a intimidade dunha persoa. No caso de menores de idade, para publicar a súa imaxe, por exemplo, en publicacións escolares, sitios web ou as redes sociais, tamén se precisa o permiso dos titores.

## Protección da intimidade, a honra e a imaxe

A intimidade, a honra e a imaxe de todo o mundo están protexidos pola lei. Poden infrinxirse estes dereitos cando se difunde ou insinúa información falsa sobre outra persoa, que poida causar dano, sufrimento ou desprezo á persoa ofendida. Son injurias as expresións que lesionan a dignidade doutra persoa, menoscabando a súa fama ou atentando contra a súa propia estimación e poden ser graves se se difunden en nos medios de comunicación, como nun xornal ou a televisión, ou se pon en coñecemento de varias persoas, por exemplo, difundíndoa en Internet.

As injurias poden chegar a considerarse un delito. As injurias graves feitas con publicidade castigaranse coa pena de multa de seis a catorce meses e, noutro caso, coa de tres a sete meses. Ademais, é posible que deba aboarse unha indemnización por danos e perdas, sufrimentos e outras perdas, así como as custas procesais da contraparte.

*Código Penal Art. 208 e 209.*



## USO DAS OBRAS

Os dereitos de autor outorgan ao autor o dereito a decidir como se usa a súa obra. O permiso pode obterse pedíndollo o autor, a outro titular dos dereitos ou a unha entidade de xestión de dereitos de propiedade intelectual. Nalgunhas situacións, en virtude da Lei de Propiedade Intelectual, o uso autorízase a través dun límite ou excepción, de xeito que é Lei a que che permite tal utilización. En virtude da restrición, a obra pode usarse sen o consentimento do autor.

Cando se usa unha obra, debe citarse sempre o autor e a fonte conforme ás boas prácticas. No material da Aula do Dereito de Autor, hai modelos para citar as fontes.



### PODE UTILIZARSE:

1. Material que non supere o limiar de orixinalidade
2. Ideas, información, métodos
3. Obras cuxo prazo de protección vencera.
4. Citas en virtude do límite de cita previsto na Lei de Propiedade Intelectual
5. Obras con permisos obtidos para o centro educativo
6. Material cunha licenza Creative Commons ou unha licenza aberta equivalente
7. Outro material pedindo permiso ao titular dos dereitos

**Lembra mencionar sempre o nome do autor  
ao usar a obra creada por outra persoa.**

## © Citas

Poden tomarse citas de obras publicadas conforme ás boas prácticas. A cita debe ter unha conexión relevante coa obra na que se usa a cita. As citas deben limitarse a un fragmento e están permitidas na medida necesaria para o fin docente ou de investigación. Ao citar unha obra, deben mencionarse o autor e a fonte. En virtude do límite de cita, non pode crearse unha obra composta de meras citas.



### RESUMO DAS CITAS:

1. Poden tomarse citas de obras publicadas.
2. A cita debe ter unha conexión relevante coa obra propia.
3. As citas deben limitarse a un fragmento e poden realizarse na medida necesaria para o fin docente ou de investigación.
4. Deben mencionarse o autor e as fontes.

## © Utilización de coñecementos ou ideas

Sempre poderá utilizarse a mera información, as ideas, os principios e os métodos contidos nas obras. Os dereitos de autor protexen a forma na que se expresan, narran ou plasman esas ideas, mais non as ideas en si. Calquera persoa pode utilizalas libremente, sempre que non se copie a obra doutra persoa.



Conforme á Lei de Propiedade Intelectual, as leis, os regulamentos e os seus correspondentes proxectos, as resolucións dos órganos xurisdicionais e os actos, acordos, deliberacións e ditames dos organismos públicos, así como as traducións oficiais de todos os textos anteriores non están protexidos por dereitos de propiedade intelectual. Poden usarse libremente.

Unha obra tamén pode utilizarse libremente cando os dereitos de autor perderan a súa validez, ou sexa, rematara o prazo de protección.

Tamén poderá utilizarse libremente o material que non sexa o suficientemente orixinal e independente, ou sexa, que non supere o limiar de orixinalidade. A superación do limiar de orixinalidade valórase caso por caso.

*Lei de Propiedade Intelectual Art. 13 e 26.*

## © Enlazar

Está permitido pór unha ligazón a un material en liña se se realiza de tal xeito que dirixa ao sitio web orixinal. Por exemplo, un profesor pode engadir diferentes ligazóns de materiais á contorna de aprendizaxe ou os alumnos poden incorporar material en liña ao seu proxecto de xeito que as ligazóns dirixan directamente aos sitios web orixinais onde están os materiais. Un vídeo ou outro material dispoñible ilegalmente en Internet non poden compartirse a través dunha ligazón.

## © Uso privado

Para uso privado e sen asistencia de terceiros, poden facerse copias de obras divulgadas, ás que se accedera de forma lícita (compra, préstamo dunha biblioteca, etc) sen o permiso do autor. Por exemplo, para uso persoal, pode copiarse un CD ou un libro, ou gravar programas de televisión e películas da televisión. As co-

pias realizadas para uso persoal non poden usarse para outro fin, non se poden destinar a finalidades empresariais ou comerciais, nin poden ser obxecto de utilización colectiva, lucrativa ou distribuírse mediante prezo. Realizar copias, por exemplo, con fins didácticos, laborais ou de preparación, ou gardar ou distribuír obras en Internet, non é un uso privado. Non poden facerse copias de programas informáticos para uso privado. Porén, a realización dunha copia de seguridade por parte de quen ten dereito a utilizar o programa non poderá impedirse por contrato en canto resulte necesaria para esa utilización.

Polas copias para uso privado abóase aos autores unha compensación equitativa para compensalos polas perdas económicas sufridas. En España, esta compensación deben aboala os fabricantes que actúen como distribuidores comerciais, así como os adquirentes fóra do territorio español, que distribúan ou utilicen equipos, aparellos e soportes materiais aptos para a realización de copias privadas.

*Lei de Propiedade Intelectual Art. 25 e 31.*

## USO DE OBRAS NO ENSINO

### © Utilización de obras no ensino

As escolas, institutos ou universidades poderán levar a cabo copias e actos de posta a disposición de pequenos fragmentos dunha obra xa divulgada, por exemplo, un vídeo ou una canción, sempre que estes actos se leven a cabo unicamente para a ilustración das súas actividades educativas, ou con fins de investigación científica, e na medida xustificada pola finalidade non comercial perseguida. No caso de imaxes illadas, poderán utilizar a imaxe completa. Todo isto, sen ter que pedir autorización dos titulares de dereitos. Porén, aquelas escolas ou institutos que desexen realizar copias de

libros de texto ou manuais universitarios ou poñelos a disposición nunha intranet, incluso aínda que se trate de pequenos fragmentos, deben contar con autorización do titular de dereitos ou da entidade de xestión que o represente. No caso das universidades, poderán realizar copias, repartir as copias ou subilas a unha intranet, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que estes actos se realicen para a ilustración con fins educativos e de investigación científica, non para outras finalidades.
- b) Que estes actos se limiten a un capítulo dun libro, artigo dunha revista ou extensión equivalente a respecto dunha publicación asimilada, ou extensión asimilable ao 10 por cento do total da obra, resultando indiferente a estes efectos que a copia se leve a cabo a través dun ou varios actos de reprodución. Se o profesor desexa copiar ou compartir unha extensión maior debe pedir autorización.
- c) Que os actos se realicen nas universidades ou centros públicos de investigación, polo seu persoal e cos seus medios e instrumentos propios.

As universidades non precisan pedir autorización por estes actos mais deben pagar unha remuneración por iso. As escolas ou institutos que precisen copiar libros de texto, manuais ou revistas poden obter licenza para iso a través de CEDRO. As universidades que precisen copiar unha extensión superior ao 10 % dun libro ou superior a un artigo dunha revista, precisarán contar cunha autorización ou licenza, que concede CEDRO.

Para proxectar películas completas, vídeos ou pór música na aula precísase autorización. Para proxectar películas ou vídeos na aula precísase permiso, que se pode obter da entidade EGEDA. A interpretación doutras obras, como as obras de teatro ou música, no ámbito educativo, tamén require autorización.

*Lei de Propiedade Intelectual Art. 32.3 e 32.4.*

## © Licenza para centros de ensino regrado de CEDRO

Coa licenza de dereitos de autor obtida para centros educativos, pode copiarse parcialmente case todo tipo de publicacións impresas entre os alumnos, profesores e empregados. A licenza de CEDRO cobre material nacional e estranxeiro.

Coa licenza de CEDRO de dereitos de autor para centros de ensino, poden copiarse parcialmente, repartirse e subirse a unha intranet publicacións nacionais e estranxeiras entre os alumnos, profesores e empregados. O material copiado compartirase en rede pechada do centro educativo (intranet) a disposición do grupo de ensino ao que está destinado o material.

O permiso de CEDRO permite a copia parcial mediante fotocopia, escaneado ou calquera outro sistema, o reparto das copias aos alumnos, incluíndo o envío por correo electrónico, a representación ou visualización en pantalla, a fixación do fragmento nun soporte dixital por cada alumno, profesor e empregado, o almacenamento técnico no servidor, a posta a disposición dos alumnos, profesores e empregados do fragmento da obra, nunha intranet e a incorporación do referido fragmento nun documento elaborado polo centro de ensino para uso interno. A licenza de CEDRO non cobre actos de transformación, como traducións, adaptacións, etc.

Máis información sobre a licenza de dereitos de autor para colexios en <https://www.cedro.org/usuarios/licencias-de-derechos-de-autor/licencia-anual/ensenanza/ensenanza-secundaria>

## Licenza de dereitos de autor para centros de ensino

### COPIAS

A licenza para centros de ensino permite a copia de ata un 10 % dun libro ou dun artigo completo no caso de revistas ou publicacións periódicas.

---

### ESCANEANDO

Educación Primaria y ESO: 10% de un libro o un artículo de una revista o publicación periódica.

Bachillerato y centros de Formación Profesional: 10% de un libro o un artículo de una revista o publicación periódica.

Universidades: Las universidades pueden llevar a cabo copias y actos de distribución o puesta a disposición de un capítulo de un libro, artículo de una revista o extensión equivalente respecto de una publicación asimilada, o extensión asimilable al 10 por ciento del total de la obra, resultando indiferente a estos efectos que la copia se lleve a cabo a través de uno o varios actos de reproducción sin tener que pedir autorización a los titulares de derechos. Las universidades deben abonar una remuneración por estos usos. Aquellos que excedan de la extensión señalada necesitarán autorización o licencia de CEDRO.

## Licencia de derechos de autor para centros de enseñanza

### OBRAS DIXITAIS

A licenza de CEDRO tamén cobre obras dixitais.

Os usos quedan igualmente limitados ao 10 % dun libro electrónico ou un artigo dunha revista ou publicación periódica dixital.

A licenza de CEDRO só abrangue obras textuais (libros, revistas, xornais).

Quedan excluídos:

- música, vídeos e programas informáticos
- Cubertas ou portadas de obras sonoras ou audiovisuais.

---

### PARTITURAS:

Están excluídas da licenza para centros de ensino regrado, mais existen licenzas específicas para a ensinanza musical.

### FÓRA DO PERMISO DE DEREITOS DE AUTOR PARA ESCOLAS:

- Partituras musicais
- Fotografías e creacións visuais que non formen parte de publicacións de texto. Para isto precísase licenza de VEGAP.
- Manuais de ordenador.
- A licenza de CEDRO para centros de ensino non permite a republicación en forma de libro, revista ou calquera outro tipo de publicación unitaria ou periódica, impresa ou dixital, das obras obxecto de autorización.

## © Uso de programas de televisión, vídeos e películas no ensino

### Programas de televisión

Pode pórse na clase un pequeno fragmento dun programa de televisión para a ilustración das súas actividades educativas, sen permiso dos titulares de dereitos, ao amparo do artigo 32.3 da Lei de Propiedade intelectual.

Se se quere emitir o programa enteiro, precísase autorización do titular de dereitos ou da entidade de xestión de dereitos de propiedade intelectual que os represente, como pode ser EGEDA.

### Películas

As películas en venda e alugamento están destinadas ao uso privado. Para proxeccionar películas na clase e actividades extraescolares, precísase un permiso do titular de dereitos.

Para o uso educativo de películas, pode obterse unha licenza de EGEDA, que representa as produtoras cinematográficas e audiovisuais. Unha gravación pode comprarse nunha tenda, sacarse en préstamo dunha biblioteca, alugarse nunha empresa de alugamento de vídeos ou gravarse da televisión. Coa licenza para uso educativo de EGEDA, cobre os actos de exhibición ou proxección de obras cinematográficas e demais obras e gravacións audiovisuais e actos de emisión ou transmisión de obras e gravacións audiovisuais a través de aparellos televisuais instalados nas diversas estancias ou áreas dos centros. Máis información sobre a licenza de EGEDA en [https://www.egeda.es/EGEDA\\_LicenciaEducativaEGEDA.aspx#:~:text=EGEDA%20ha%20creado%2C%20junto%20con,los%20centros%20educativos%20y%20asimilados.](https://www.egeda.es/EGEDA_LicenciaEducativaEGEDA.aspx#:~:text=EGEDA%20ha%20creado%2C%20junto%20con,los%20centros%20educativos%20y%20asimilados.)

## Vídeos en liña

Para mostrar vídeos en liña na clase, precísase permiso. O permiso pode pedirse directamente ao titular dos dereitos de autor. O permiso para proxectar vídeos musicais pode obterse en SGAE, SEDA, AGEDI e AIE. O autor dun vídeo en liña puido autorizar o uso do seu vídeo no ensino, por exemplo, cunha licenza *Creative Commons*.

Porén, convén ter en conta que hai moito material en Internet que puido subirse ilicitamente. No ensino, só pode mostrarse material legal, e só o autor lexítimo ou o titular dos dereitos poden dar permiso para mostrar o vídeo. A legalidade do material pode valorarse, por exemplo, por quen subiu o vídeo a Internet.

## © Uso da música no ensino

### Reproducir música

A Lei de Propiedade Intelectual autoriza reproducir só un pequeno fragmento de música no ensino. Polo tanto, na clase, pode reproducirse só un pequeno fragmento de música tanto con reprodutores como con gravacións. Se se precisa pór unha canción completa, precísase autorización. A autorización pode solicitarse dos titulares de dereitos ou das entidades de xestión dos dereitos afectados, SGAE, SEDA, AGEDI e AIE.

Se se quere facer un concerto no que os alumnos interpreten música de grupos coñecidos, débese contar igualmente con autorización. Esta pode obterse dos titulares de dereitos. Tamén se pode obter de SGAE ou SEDA.

Convén ter en conta que as condicións de uso dalgúns servizos poden limitar o uso do servizo exclusivamente para uso persoal, como Spotify Free e Premium e, polo tanto, non se poderían utilizar polo profesor na aula.



## Gravar música

Para gravar música, por exemplo, como parte dun vídeo feito por un mesmo ou outro proxecto, ou nun sitio web, precísase o permiso dos titulares dos dereitos da música. O permiso para gravar música pode obterse en SGAE, SEDA, AIE ou AGEDI, a menos que o autor autorizara o uso da música que creou, p. ex., cunha licenza Creative Commons.

SGAE e SEDA representan os creadores de música ou compositores, letristas e arranxistas, así como das editoras musicais. Pola súa banda, AIE concede permisos para o uso da música en nome de artistas intérpretes como músicos.

AGEDI representa os produtores musicais.

En virtude da Lei de Propiedade Intelectual, no ámbito educativo, pode utilizarse (copiar, distribuír, comunicar publicamente) un pequeno fragmento dunha composición musical. Este pequeno fragmento só pode utilizarse para a ilustración con fins educativos en centros de ensino regrado, universidades e organismos públicos de investigación.

Requírese autorización para o emprego dunha canción completa incluso con fins educativos e tamén para o seu uso en actuacións musicais representadas en festivais (como festas de fin de curso ou Nadal) en garderías, escolas e centros educativos municipais. Do mesmo xeito, se a actuación vai ser gravada e posteriormente compartida en Internet, precísase autorización do titular de dereitos. Tamén é preciso solicitar o consentimento das persoas ás que se grave. Máis información sobre os permisos en <http://www.sgae.es/es-ES/SitePages/corp-ventalicenciaP3.aspx?s=24>

## © Permiso para representar obras de teatro

Para a representación pública de obras de teatro precísase o permiso do titular dos dereitos. Os dereitos de representación de obras de teatro poden solicitarse directamente aos titulares dos dereitos ou aos seus representantes. SGAE concede autorización para a representación de obras de teatro por compañías profesionais. Tamén concede autorización para a representación por grupos afeccionados.

Máis información en <http://www.sgae.es/es-ES/SitePages/corp-ventalicensiaP3.aspx?c=5>

As obras escritas por un mesmo poden representarse libremente. Se queres facer unha obra de teatro, ou sexa, adaptar un libro ao teatro a partir dun libro escrito por outra persoa, precisas o permiso do escritor.

## © Creative Commons ou outra licenza aberta

O autor pode permitir o uso da súa obra cunha licenza Creative Commons (licenza CC). Neste caso, o símbolo de licenza CC que aparece xunto á obra ilustra como pode usarse a obra. O autor puido permitir o uso da obra como tal, a modificación, a distribución ou o uso comercial da obra. Unha obra pode ter un ou máis símbolos de licenza CC.

Antes de utilizar material cunha licenza Creative Commons, aclara as condicións baixo as cales o autor autorizou o uso.



BY – A obra pode usarse, distribuírse e modificarse libremente, mais debe mencionarse o nome do autor orixinal.



ND – A obra pode usarse e distribuírse libremente, mais non pode alterarse nin modificarse. Por exemplo, editar unha imaxe, traducir un texto, modificar unha canción, non quedaría cuberto.



NC – A obra pode usarse, distribuírse e modificarse libremente, mais non pode usarse con fins comerciais.



SA – A obra pode usarse, distribuírse e modificarse libremente, mais non pode usarse con fins comerciais.



CC0 – Unha obra propia, na que se use unha obra con licenza SA, debe distribuírse en Internet nas mesmas condicións en que se distribuíu a obra orixinal.

Máis información sobre os símbolos da licenza CC e como usar unha licenza CC en: <https://creativecommons.org/licenses/>

## DEREITOS DE AUTOR DO PROFESOR

O profesor adoita elaborar diferentes materiais para a docencia. Tamén pode ser titular de dereitos de autor do material que elabora. Os materiais redactados polo profesor protéxense igual que as demais obras. Se un profesor redacta material didáctico que é completamente independente e orixinal, xerará dereitos de autor. O profesor decidirá en que condicións pon a disposición dos demais o material que preparou; sen prexuízo dos dereitos que poida ter o centro escolar no que traballe.

Todo o material creado por un mesmo pode copiarse e distribuírse sen restricións. Se alguén máis participou na creación do mesmo material, tamén se precisa o seu consentimento para a copia e distribución ou se, no material, se utilizaron obras creadas por outras persoas, deberá ter os dereitos de revenda.

O profesor pode ceder, na súa totalidade ou en parte, os seus dereitos económicos sobre a obra. Por exemplo, un profesor pode aceptar que os compañeiros do seu propio centro de ensino utilicen o material elaborado por el no ensino, mais pode oporse a que o material non pode cederse para que o usen docentes doutro centro. O profesor non está obrigado a pór o seu propio material a disposición dos demais nin a compartir o material abertamente, por exemplo, cunha licenza Creative Commons.

O autor ten dereito a que ser nomeado cando se utilice a súa obra. Na práctica, isto significa que debe indicarse o nome do profesor cando se utilice o material que elaborou.

## Dereitos de autor do profesor sobre o seu propio material



1. Os dereitos de autor sempre se orixinan inicialmente para o autor, ou sexa, para o propio profesor.
2. Se o material se realiza xunto de alguén, créase unha obra en colaboración. Xéranse dereitos de autor para todos conxuntamente.
3. Os dereitos de autor poden pertencer ao colexio se a obra a creou o profesor en virtude da relación laboral. Haberá que consultar cada caso concreto.
4. A transmisión dos dereitos de explotación da obra creada en virtude dunha relación laboral rexeráse polo pactado no contrato, debendo este realizarse por escrito.
5. Se non existe tal pacto, presumirase que os dereitos de explotación foron cedidos en exclusiva e co alcance necesario para o exercicio da actividade habitual do empresario no momento da entrega da obra realizada en virtude desa relación laboral. Os dereitos morais sempre os conserva o autor.

## © Dereitos do centro de ensino sobre o material elaborado por un profesor

A transmisión ao empresario dos dereitos de explotación da obra creada en virtude dunha relación laboral rexeráse polo pactado no contrato laboral ou contrato independente.

Se non existe tal pacto escrito, presumirase que os dereitos de explotación foron cedidos en exclusiva e co alcance necesario para o exercicio da actividade habitual do empresario no momento da entrega da obra realizada en virtude desa relación laboral. En ningún caso poderá o empresario utilizar a obra ou dispor dela para un sentido ou fins diferentes.

As obras elaboradas en relación co desempeño das funcións laborais adoitan estar suxeitas ao principio de que a empresa ten dereito a utilizalas no contexto das súas actividades normais. Porén, os dereitos morais consérvaos o autor.

Entre as tarefas dun profesor, pode ou non incluírse a realización de materiais didácticos. Haberá que atender a cada caso concreto. Se o centro educativo ou os compañeiros queren utilizar o material preparado por outro profesor, isto debe acordarse co profesor ou centro de ensino. O mesmo ocorre cos materiais didácticos de Internet.

O profesor pode ceder, na súa totalidade ou en parte, os seus dereitos económicos sobre a obra. O profesor pode decidir por si mesmo en que condicións porá o seu material a disposición dos demais. Por outra banda, se o desexa, tamén pode compartir o material que elaborou para que o utilicen os demais. Porén, convén ter en conta que o centro puido adquirir os dereitos e será este o que autorice o uso das obras. O profesor non está obrigado a ceder o material de xeito gratuíto ou aberto para a súa distribución, por exemplo, cunha licenza CC.

## ENTIDADES QUE XESTIONAN OS DE-REITOS DE PROPIEDAD INTELECTU-AL

Os titulares de dereitos de propiedade intelectual crearon organismos que xestionan os seus dereitos, velan polos seus intereses e conceden licenzas en determinadas situacións.

As actividades dos organismos que xestionan os dereitos de autor baséanse en contratos de representación ou poderes concedidos polos autores e os titulares dos dereitos, mediante os cales os titulares dos dereitos ceden os seus dereitos ao organismo para que este os xestione e protexa. Do mesmo xeito, e en virtude de autorización do Ministerio de Cultura e Deporte, levan a cabo as actividades de xestión colectiva obrigatoria que a Lei lles encomenda, por exemplo, a xestión da remuneración por préstamo público bibliotecario ou a xestión da compensación por copia privada. As entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual conceden licenzas para o uso das obras, cobran regalías polo seu uso e abóanllelas aos titulares de dereitos en función dos informes de uso ou os estudos ou información recibidos.

As entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual facilitan e simplifícan a adquisición de licenzas e o pagamento das compensacións aos titulares de dereitos nacionais e estranxeiros.

## As entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual autorizadas polo Ministerio de Cultura e Deporte en España son:

### Entidades de xestión de autores:

- Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE)
- Centro Español de Dereitos Reprográficos (CEDRO)
- Visual, Entidade de Xestión de Artistas Plásticos (VEGAP)
- Dereitos de Autor de Medios Audiovisuais (DAMA)
- Sociedade Española de Dereitos de Autor (SEDA)

### Entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual de artistas intérpretes ou executantes:

- Artistas Intérpretes ou Executantes, Sociedade de Xestión de España (AIE)
- Artistas Intérpretes, Sociedade de Xestión (AISGE)

### Entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual de produtores:

- Asociación de Xestión de Dereitos Intelectuais (AGEDI)
- Entidade de Xestión de Dereitos dos Produtores Audiovisuais (EGEDA)



## MÁIS INFORMACIÓN SOBRE OS DE- REITOS DE AUTOR

No servizo [auladerechodeautor.org](https://www.auladerechodeautor.org) pode atoparse máis información sobre os dereitos de autor.

<https://www.auladerechodeautor.org/gl/> é unha guía de dereitos de autor en liña con información sobre os dereitos de autor, licenzas para centros educativos e respostas ás preguntas sobre os dereitos de autor que xorden no mundo escolar. A Aula do Dereito de Autor é unha adaptación autorizada para España elaborada por CEDRO.

Benvido á Aula do Dereito de Autor

<https://www.auladerechodeautor.org/gl/>

